Actividades propostas

Estas actividades están extractadas. Actividades completas e anexos en organizaciondemujeres.org

Transporte
SETEMBRO

0 - 3 anos
Somos enxeñeiras e enxeñeiros civís

Disporanse no chan da aula diferentes recunchos con xogos de construción (tipo lego, bloques de madeira...) onde individualmente ou en pequeno grupo poidan construír pontes, estradas, vías de tren... seguindo os exemplos que o docente terá disposto na parte central da aula.

Faranse fotos das súas creacións e dos nenos e nenas, e para finalizar realizarase un mural con todas as fotos baixo o título: *"Somos enxeñeiros e enxeñeiras civís"*.

3 - 6 anos
Que fai unha enxeñeira ou enxeñeiro?

Visionar na clase o seguinte vídeo: *PRIMERA ACTIVIDAD "soy un ingeniero" para niños de 5 anos*: https://www.youtube.com/watch?v=gGHEUBsAATk

Ao rematar, presentar mediante unha fotografía ás protagonistas do mes de setembro e explicarlles que son enxeñeiras civís e que destacan na área de transportes: **Carmen de Andrés Conde, Emma Estrada e Pepa Pardo Rodrigo**.

6 - 9 anos
Que vías de comunicación e transporte existen na miña cidade?

Falamos en gran grupo sobre os seguintes temas:
- Preto de onde vivimos existe unha ponte, un aeroporto, unha circunvalación, un porto, unha estación ou vías de tren?
- Quen cre que o planificou, un home ou unha muller? Por que?
- A continuación, presentamos ás nosas protagonistas do mes (Carmen de Andrés Conde, Emma Estrada y Pepa Pardo Rodrigo) e algúns dos seus logros.
- **Carmen de Andrés Conde**: https://www.emesa-m30.es/carmen-de-andres-conde/
- **Pepa Pardo Rodrigo**: https://socialmediaeninvestigacion.com/pepa-pardo/
- **Emma Estrada**: https://ilbolive.unipd.it/it/news/emma-strada-prima-ingegnera

9 - 12 anos
Pepa Pardo Rodrigo

Pepa Pardo Rodrigo é enxeñeira, escritora, divulgadora, feminista e membro de AMIT (Asociación de Mulleres Investigadoras e Tecnólogas) https://socialmediaeninvestigacion.com/pepa-pardo/

Pepa Pardo Rodrigo

A través do seu blog *Las Despeinadas de Pepa*: https://www.facebook.com/DespeinadasDePepa

Da a coñecer mulleres do ámbito científico de agora e de antes. Realizar en pequenos grupos un lapbook dalgunha das mulleres representadas.

12 - 15 anos
Carmen de Andrés Conde

Carmen de Andrés Conde é a primeira muller que conseguiu o título de Enxeñeira de Camiños, Canles e Portos en España, en 1973, e a única muller en obter o Premio Nacional de Enxeñería Civil no 2021, que se ven outorgando dende o ano 2001: https://www.emesa-m30.es/carmen-de-andres-conde/

Iniciamos un debate no grupo-clase sobre as razóns que hai para que sexa a única muller que conseguiu o Premio Nacional, 50 anos despois de graduarse. Por que cren que isto é así e que medidas tomarían para cambiar este feito.

15 - 18 anos
Emma Strada

Emma Strada foi a primeira enxeñeira civil en Italia (1908). Coñecemos a súa historia: https://ilbolive.unipd.it/it/news/emma-strada-prima-ingegnera; https://en.wikipedia.org/wiki/Emma_Strada

O alumnado deberá realizar, en pequeno grupo e en formato libre (vídeo, presentación...), un traballo de investigación sobre mulleres da súa comunidade autónoma que foran pioneiras en enxeñaría civil ou nalgún ámbito da ciencia ou a tecnoloxía e que loitaran pola visibilización da muller. O traballo ten que recoller os seguintes apartados: (1) Biografía (2) Contexto histórico (3) Ámbito de traballo (4) Logros (5) Metas (6) Promoción da muller. Para rematar, farán presentación dos traballos.

Persoas adultas
Enxeñaría civil con perspectiva de xénero

A principios de maio celébrase a S**emana da Enxeñaría Civil e o Medio Ambiente**. Pódense dedicar varias sesións a traballar o tema con perspectiva de xénero:
- Visionamos na clase os seguintes vídeos sobre enxeñería civil: Ingeniería transporte UNAJ. Desde el Conocimiento: https://www.youtube.com/watch?v=iaAFPQ0bdHk&t=31s
- ¿Qué es la ingeniería en transporte? https://www.youtube.com/watch?v=B2inyR0qWgk
- Que opinan deles?
- Cren que a linguaxe e as imaxes de persoas que aparecen neles son igualitarias e inclusivas?
- Realizarán un vídeo ou presentación en pequeno grupo como os vistos, pero utilizando linguaxe inclusiva e imaxes nas que aparezan mulleres non estereotipadas e enxeñeiras civís. Tamén se poden incluír mulleres referentes en enxeñería civil como as nosas protagonistas da especialidade de transportes: **Carmen de Andrés Conde, Emma Estrada** e **Pepa Pardo Rodrigo**.
- Para rematar a semana dedicada á Enxería civil, presentaranse os diferentes vídeos ou presentacións ao resto do alumnado.

Estradas e ferrocarrís
OUTUBRO

0 - 3 anos
A maquinista destemida

Na asemblea amosaremos imaxes de diferentes medios de transporte e falaremos deles, como se chaman, se os utilizaron, para que serven...

Contaremos o conto *"Pilar Careaga, la maquinista valiente que no temía lo nuevo"*, dispoñible no seguinte enlace (http://www.nomecuentescuentos.com/pilar-careaga-la-maquinista-valiente-que-no-temia-lo-nuevo/)

Unha vez rematado o conto proporemos ás nenas e nenos facer un tren coas cadeiras e simular unha viaxe en tren. Quen vai a ser a maquinista? Subimos e partimos, coa súa imaxinación ao lugar que desexemos, á praia, á montaña... Finalizaremos a actividade cunha saída para visitar a estación de tren.

3 - 6 anos
En primeiro lugar, os nenos e nenas atópanse na zona da asemblea (gran grupo) e preguntaráselles que saben sobre os trens e sobre as persoas que traballan nos trens. Tras isto, contaremos a historia de **Pilar Careaga**, a primeira maquinista española. En 1929, con 20 anos, convértiase na primeira muller maquinista en España. https://www.vialibre-ffe.com/noticias.asp?not=1156

Despois da breve explicación, crearemos o noso propio tren. En cada equipo, repartirase unha folla en formato A3 na que aparece o debuxo dun vagón e todos xuntos colorearano ao seu gusto. En cada vagón os nenos e nenas pintarán unha muller importante para eles. Ao finalizar os vagóns, montarase o tren e colocarase nun mural na parede.

6 - 9 anos
Soña o teu Barrio

Comezamos a sesión explicando brevemente a diferenza entre enxeñaría civil e arquitectura, facendo fincapé no que se dedica cada profesional.

Presentamos a **Belinda Tato Serrano**: https://es.wikipedia.org/wiki/Belinda_Tato.

Falamos do barrio onde está situada a nosa escola e das instalación e espazos que temos.

9 - 12 anos
Proporemos que o Centro se sume á iniciativa de *Streets for Kids* que é un programa de deseño global de cidades cuxo obxectivo é sensibilizar e inspirar aos líderes, informar aos profesionais e empodeirar ás comunidades para facer que as cidades de todo o mundo sexan mellores para a infancia e, en consecuencia, para toda a poboación en xeral. Durante unha semana o medio ambiente é o eixe dun proxecto colectivo, en concreto na nosa localidade.

Elsie Eaves

Nas clases de 5º e 6º realizarase unha asemblea onde se analizará a situación do noso municipio, como é e como nos gustaría que fose. Posteriormente, en grupos cooperativos heteroxéneos, deseñamos a nosa localidade como nos gustaría que fora dende unha planificación urbana con perspectiva de xénero. A información obterase da páxina https://www.onuhabitat.org.mx/

Trala investigación, os grupos utilizarán o programa CANVA para deseñar carteis informativos sobre a planificación que realizamos da nosa localidade con perspectiva de xénero.

12 - 15 anos
Actividade: Sheila Ortiz Quesada, Elsie Eaves, Justicia Espada Acuña, Mena de Gajardo

Dividiremos ao alumnado en 4 grupos, cada un deles terá que buscar información sobre cada unha das mulleres propostas no calendario para o mes de outubro. Cada grupo deberá crear un artigo, colaxe, cómic breve, debuxo... que se exporán polos corredores do colexio.

15 - 18 anos
Inspirándonos no traballo da murciana **Patricia Reus** con Alfonso Morote, imos analizar o noso barrio ou pobo. O alumnado terá que deseñar o seu barrio ou o seu pobo, e ilustralo, cunha planificación urbanística civil onde se contemple o uso público dos espazos: centros deportivos, xardíns e prazas, medios de transporte... dende unha perspectiva de urbanismo feminista.

https://murciainspira.es/9670/momentos-alhambra/descubriendo-murcia/el-dibujo-de-alfonso-morote-y-la-experiencia-de-patricia-reus-explican-vistabella-en-descubriendo-murcia/

Co total das ilustracións realizarase unha exposición no centro e explicarase a importancia destas cuestións para as persoas e o medio ambiente.

Persoas adultas
Quen fai que? Creación dun xogo educativo

Imos crear un xogo didáctico consistente nun concurso de tarxetas con preguntas e imaxes para as etapas de Primaria e Secundaria que se chamará "Quen fai que?", para o cal prepararán un pequeno guión onde explicarán en que consiste o xogo e o adaptarán á idade de cada etapa. Para desenvolvelo teñen que facer as seguintes actividades:

Cada subgrupo buscará información elaborará un listado cos nomes, unha imaxe e unha breve recensión. O primeiro grupo terá o tema: Primeiras mulleres enxeñeiras. O segundo grupo: Mulleres enxeñeiras actuais.

Belinda Tato.
Foto de Heinrich-Böll-Stiftung (wikimedia)

Pontes
NOVEMBRO

0 - 3 anos
En asemblea explicamos o que son as pontes e amosamos imaxes.

Lanzamos preguntas:
- Nunha construción vemos máis homes ou mulleres?
- Credes que as mulleres poden construír casas? E pontes? Sabedes que antes de construír hai que debuxalo nun papel?... Despois podemos reflexionar que tamén hai mulleres que constrúen ensinando fotos e vídeos.

Xogamos a construír pontes cos nosos corpos. Algúns alumnos ou alumnas fan de ponte e o resto pode pasar por debaixo. Podemos xogar a ver quen aguanta máis e se converte na ponte máis resistente.

3 - 6 anos
Somos enxeñeiras e enxeñeiros de pontes!

Tras presentar ao alumnado imaxes de distintos tipos de pontes, pedímoslles que realicen unha ponte en plastilina. Outra das actividades será a de recompilar material reciclado e construír unha ponte (con cartón, botellas...).

6 - 9 anos
Buscamos en internet información sobre mulleres e sobre homes que fixeran pontes.

Contestaremos ás seguintes preguntas:
- Que foi máis doado atopar, homes ou mulleres?
- Coñecedes as pontes que deseñaron?
- Por que credes que é tan difícil que haxa mulleres arquitectas ou enxeñeiras civís?
- Hai pontes na nosa contorna? Podemos facer unha excursión para visitalo? É moderno ou antigo? Cantos anos credes que ten?

9 - 12 anos
Por grupos propoñemos pescudar sobre as biografías de tres mulleres pioneiras na construción de pontes: **Marie-France Clugnet, Emily Warren Roebling y Sarah Guppy**. Poderán consultar estes enlaces:
- **Marie-France Clugnet**: https://www.academia.edu/4762015/Crossing_Boundaries_Building_Bridges_Comparing_the_History_of_Women_Engineers_1870s_1990s_Routledge_2003
- **Emily Warren Roebling**: https://mujeresingeniosas.es/emily-warren/
- **Sarah Guppy**: https://hmong.es/wiki/Sarah_Guppy

Trala recollida de información, proponse elaborar un pequeño guión ficcionado sobre algún momento significativo das súas vidas e representalo.

12 - 15 anos
Margarita Calero Santiago

Imaxe: http://margaritacalero.com/architecture/art-market

Na imaxe vemos unha ilustración do seu proxecto final de carreira *ART MARKET IN LONDON BRIDGE*.

Margarita Calero Santiago (Sevilla, 1982), é unha arquitecta, profesora en Nova Iork e fotógrafa que estudou na Universidade de Sevilla, cursando posteriormente o Doutorado.

Retrato de Emily Warren Roebling por Carolus-Duran (Brooklyn Museum)

Pavillón Puente da Expo de Zaragoza. Obra de Zaha Hadid

A continuación, veremos o seguinte vídeo, sobre mulleres en profesións masculinas: https://www.youtube.com/watch?v=oUyFT7DHBgQ

Finalmente, reflexionaremos sobre que profesións entenden como femininas ou como masculinas e que diferenzas ven entre mulleres e homes no seu ámbito familiar.

15 - 18 anos
De ponte a ponte

Para comezar veremos na clase dous vídeos, un sobre a arquitecta británica-iraní **Zaha Hadid**

https://www.youtube.com/watch?v=wXwa9vLQvws

e outro sobre a famosa ponte que deseñou en Zaragoza co gallo da Expo 2008

https://www.youtube.com/watch?v=77Kp9VX0QQ8

Imos pescudar sobre as pontes deseñadas por mulleres de todo o mundo.

Despois realizaremos, sobre unha cartolina, un xogo similar ao da oca. O taboleiro disporá das clásicas casiñas deste xogo, pero con pontes en lugar de ocas, e no centro do taboleiro colocaremos a imaxe de **Zaha Hadid** e a ponte de Zaragoza. Cada ponte do taboleiro irá asociado a unha ponte real deseñada ou construída por mulleres da investigación previa.

Unha vez construído o taboleiro, a clase divídese en grupos, e xogan de xeito similar á oca lanzando os dados.

Persoas adultas
1. **Zaha Hadid**, foi unha arquitecta anglo –iraquí, pioneira na súa rama e a primeira muller que recibiu o Premio Prtzker (premio máis importante da arquitectura). Unha das súas obras máis importantes foi o Pavillón Ponte da Exposición Internacional de Zaragoza en 2008.

   Faremos unha investigación sobre a vida e as grandes obras desta arquitecta.
2. No seguinte enlace https://www.sacyr.com/-/cuatro-construcciones-emblematicas-lideradas-por-mujeres. Observamos construcións emblemáticas lideradas por mulleres. Facemos grupos na aula e repartimos as diferentes obras. Facemos unha pequena exposición sobre a arquitecta e a súa obra.


Ponte colgante de Clifton (Bristol, Reino Unido)

Canles e portos
DECEMBRO

0 - 3 anos
De porto a porto percorremos o mundo

Na aula de psicomotricidade usaremos bloques e aros para facer pontes e túneles, e crear un circuíto. Simbolizaremos así unha viaxe en barco polos principais portos do país, facendo unha parada nalgún deles. Explicaremos de forma sinxela que é un porto e que actividades se levan a cabo nel.

3 - 6 anos
En papel continuo pintarán de azul o mar, despois traballarán en pequenos grupos recortando e pintando planos dos continentes en cartolina , que máis tarde colocarán sobre a parede para formar un mapa do mundo. Cada grupo percorrerá o mundo cos seus barcos de papiroflexia, facendo paradas nos portos máis importantes (pasaxeiros, pesqueiros, deportivos, mercancías e mixtos). Nestas paradas o profesorado explicará oficios e profesións vinculadas aos portos, aproveitando para explicar que non teñen xénero e así, romper cos estereotipos.

Papiroflexia: https://www.youtube.com/watch?v=VeHK_1rujQU

6 - 9 anos
Pedimos ao alumnado fotos onde aparezan portos pesqueiros, de mercancías, de pasaxeiros ou recreativos. Solicitamos, unha vez organizados en grupos, que recollan información e que elaboren murais coas fotos e a información recollida sobre os portos máis importantes do país: Barcelona, Valencia, A Coruña, Vigo, Pasajes, Algeciras...

Farase unha posta en común do traballo realizado, e cada grupo explicará ao resto da clase o seu mural. Neste contexto, lanzaremos preguntas:
- Sabedes quen se encarga de deseñar e construír portos?
- Sabedes que hai que estudar para exercer esta profesión?
- Credes que as mulleres se ocupaban desta tarefa en épocas anteriores? E na actualidade, coñecedes a algunha muller enxeñeira?

O profesor/a explicará en que consiste a enxeñaría portuaria e a dificultade que as mulleres tiveron para acceder a esta actividade, moi vinculada ao xénero masculino. Ademais presentará a **Irene Souto Blázquez**, enxeñeira de camiños, canles e portos, relacionada co porto de A Coruña.

9 - 12 anos
Organizamos a aula en pequenos grupos, que elaboren un mural ou infografía con fotos e información de portos importantes de todo o mundo, tanto para a mobilidade de persoas como para o transporte de mercancías.

Faise unha posta en común e o profesorado lanzará preguntas relacionadas co papel da muller no sector do transporte, moi masculinizado:

Cres que hai máis mulleres ou homes traballando en transportes? A que cres que se debe? Podes enumerar oficios e profesións vinculadas ao transporte? Coñeces a algunha muller que se dedique ao transporte? Realizaranse conclusións conxuntas da actividade.

12 - 15 anos
O alumnado percorrerá o mundo da man de mulleres pioneiras no eido da enxeñería.

https://mujeresingeniosas.es/pioneras/#:~:text=Juana%2C%20Dolores%2C%20Julia%2C%20Rafaela,y%20la%20cuarta%20del%20mundo.

As mulleres sofren dobremente a desigualdade

Pediremos ao alumnado que tras o visionamento do vídeo proposto agrupen por continentes ás mulleres protagonistas. Despois, terán que reflexionar e sacar conclusións de porqué foi tan difícil para as mulleres abrirse camiño neste sector profesional tradicionalmente ocupado por homes.

15 - 18 anos
Deseña unha campaña publicitaria

O proxecto realizarase en grupos cooperativos. O alumnado buscará anuncios, carteis, todo tipo de campañas publicitarias previas relacionadas coa enxeñaría e realizará unha proposta propia orientada a visibilizar a profesión para incorporar máis mulleres a este sector que está tan masculinizado: animando ás mulleres a estudar enxeñería, incidindo na igual capacidade para desenvolver traballos técnicos e eliminando estereotipos de xénero.

Terán que deseñar o lema da campaña, o logotipo e o cartaz.

Unha vez realizados os traballos, elixirase entre toda a clase a proposta que mellor comunique a mensaxe, imprimiranse varios exemplares do cartaz e pegaranse polo centro educativo.

Persoas adultas
Araceli Sánchez Urquijo

Investiga sobre a figura de **Araceli Sánchez Urquijo**. Escribe un microrrelato, a modo de diario, en primeira persoa, como se foses a profesional, nalgún momento da súa vida.

https://elpais.com/diario/1999/02/04/madrid/918131070_850215.html

Sarah Maria Beach, ou Sarah Guppi (apelido de casada).

Deseñou e patentou en 1811 un método novidoso para construír pontes e ferrocarrís.

Para a construción de que dous pontes cedeu gratuitamente o seu deseño?

Pescuda que innovacións introduce o seu método na construción destas infraestruturas.

STES INTERSINDICAL Organización de Mujeres
CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL Organización de Mujeres
STEG
Asemblea de Mulleres